




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Secretaría Xeral Técnica

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría
e Acreditación de Servizos Sanitarios

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel.: 881 542 702
inspeccion.ssc@sergas.gal
www.sergas.gal



PROCEDIMENTO DE ACTUACIÓN NA INCAPACIDADE TEMPORAL NA ATENCIÓN PRIMARIA FRONTE Á EXPOSICIÓN AO NOVO CORONAVIRUS EN GALICIA NO CASO DE PROFESIONAIS SANITARIOS E SOCIOSANITARIOS

I.- MANEXO DE CASOS

Os **casos** clasificaranse do seguinte modo:

Caso confirmado: caso que cumpre o criterio de confirmación por laboratorio (PCR ou test diagnóstico positivo de antíxeno ou anticorpo).

Caso probable: caso de infección respiratoria aguda grave con criterio clínico e radiolóxico compatible cun diagnóstico de COVID-19 non confirmado.

Caso posible: caso con infección respiratoria aguda leve ao que non lle realicen unha proba de diagnóstico microbiolóxico.

PROCEDE A BAIXA LABORAL NOS “CASOS CONFIRMADOS”, “PROBABLES” E “POSIBLES”

Caso confirmado: código: B34.2
Caso probable: código Z20.828
Caso posible: código Z20.828

A estratexia elixida para a fin do illamento do caso variará en función da avaliación da situación que se faga en cada caso, podendo realizarse con ou sen proba de laboratorio, tendo en conta o risco de transmisión, nos casos leves, reduceuse moito despois da primeira semana tras o inicio dos síntomas.

1.- Casos leves con illamento domiciliario

Realízase unha PCR para finalizar o illamento domiciliario. O PCR deberá facerse unha vez transcorrido un mínimo de 7 días dende o inicio dos síntomas, sempre que a persoa non teña febre sen que estea a tomar antitérmicos e presente melloría clínica nos últimos 3 días:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Secretaría Xeral Técnica

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría
e Acreditación de Servizos Sanitarios

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel.: 881 542 702
inspeccion.sccc@sergas.gal
www.sergas.gal

galicia

- x PCR negativa: cando o traballador se incorpore á actividade asistencial, deberá facelo con máscara cirúrxica ata completar 14 días desde o inicio dos síntomas, evitando o contacto con persoas consideradas vulnerables para esta enfermidade.
- x PCR positiva: continuará en illamento domiciliario ata que a PCR sexa negativa.

2.- Casos graves que requiriron ingreso hospitalario

Os pacientes con este cadro clínico poderán recibir a alta hospitalaria se a situación clínica llo permita aínda que o PCR siga sendo positiva, mais deberán manter illamento domiciliario polo menos durante 14 días dende o día da alta hospitalaria, sempre que teña resolta a febre e transcorreran 3 días dende a resolución dos síntomas.

A alta laboral emitirase unha vez que a PCR sexa negativa e o proceso clínico estea resolto.

II.- TRABALLADORES ESPECIALMENTE SENSIBLES

O Ministerio de Sanidade definiu como grupos vulnerables para Coronavirus as persoas con diabetes, enfermidade cardiovascular (incluída hipertensión), enfermidade pulmonar crónica, inmunodeficiencia, cancro en fase de tratamento activo, embarazo e maiores de 60 anos.

Cando un traballador este nun destes grupos deberá ser valorado polo Servizo sanitario do Servizo de Prevención de Riscos Laborais. No caso de que non haxa posibilidade de adaptación ao posto de traballo, protección adecuada que evite o contacto ou de reubicación a outro exento de risco emitirá un informe recomendando pasar a situación de baixa laboral.

O traballador remitirá o informe ao seu MAP quen valorará a emisión do parte de baixa laboral co código Z20.828.

III.- MANEXO DE CONTACTOS

Os **contactos** clasifícanse do seguinte xeito:

- Contacto estreito con caso posible, probable ou confirmado de COVID-19 con uso adecuado do EPI.
- Contacto estreito con caso posible, probable ou confirmado de COVID-19 sen uso do EPI.
- Contacto casual con caso posible, probable ou confirmado de COVID-19 sen uso do EPI.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Secretaría Xeral Técnica

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría
e Acreditación de Servizos Sanitarios

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel.: 881 542 702
inspeccion.ssc@sergas.gal
www.sergas.gal

galicia

A valoración de risco será realizada polos Servizos de Prevención que deberán levar a cabo unha avaliación individualizada do risco.

Considerarase como EXPOSICIÓN DE ALTO RISCO se se realizaron procedementos que xeraron aerosois, como a aspiración do tracto respiratorio, intubación, broncoscopia ou manobras de reanimación sen o uso do EPI. Terase en conta o servizo no que o profesional desenvolve a súa actividade asistencial (unidades con pacientes especialmente vulnerables como hematoloxía, UCI, oncoloxía ou unidades de queimados) así como os factores de risco do profesional.

PROCEDE A BAIXA LABORAL (código Z.20.828)

Nos “contactos estreitos cun caso posible, probable ou confirmado de COVID -19 sen uso do EPI” cando a exposición sexa valorada de alto risco procede a baixa laboral por illamento domiciliario durante 14 días con vixilancia activa dos síntomas.

Procede valorar a realización aos 7 días dun test diagnóstico por PCR:

- x PRC negativa: procede alta laboral (deberá reincorporarse á actividade asistencial con indicación de uso de máscara cirúrxica e luvas).
- x PCR positiva: valorarase tal e como se indicou no Manexo de casos.
- x Non realización de PCR: procede manter a baixa laboral durante 14 días dende a data do contacto.

NON PROCEDE A BAIXA LABORAL¹

- Nos contactos estreitos cun caso posible, probable ou confirmado de COVID -19 cun uso adecuado do EPI.
- Nos contactos estreitos cun caso posible, probable ou confirmado de COVID -19 sen EPI cando a exposición non sexa valorada como de alto risco polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais
- Nos contactos casuais.

¹ Os contactos con clínica compatible con infección por COVID-19: consultar Manexo de casos





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Secretaría Xeral Técnica

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría
e Acreditación de Servizos Sanitarios

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel.: 881 542 702
inspeccion.sccc@sergas.gal
www.sergas.gal

galicia

IV.- CONTINXENCIA

1.- Os partes de baixa deberán ser emitidos como **Enfermidade Común**. O RD Lei 6/2020, do 10 de marzo, considerou estas situacións como asimiladas aos efectos da prestación económica de accidente de traballo, tanto para traballadores por conta allea como por conta propia. Por tal motivo, aínda que a baixa sexa por enfermidade común, cando os códigos diagnósticos sexan os correctos, o INSS, mediante un procedemento interno, convérteos en accidente de traballo aos efectos da prestación económica da IT.

2.- No caso confirmado de infección por Covid-19, cando se probe que o contaxio vén provocado por causa exclusiva na realización do traballo emitirase a baixa laboral como **Accidente de traballo**², sempre e cando a empresa acredite documentalmente o citado accidente laboral.

3.- Os códigos válidos para a mecanización informática destes son os seguintes:

B34.2: infección debida a coronavirus non especificada.

Z20.828: contacto e (sospeita de) exposición a outras enfermidades víricas transmisibles.

V.- TRAMITACIÓN

Serán os médicos do Servizo Galego de Saúde os que emitan os partes de baixa, confirmación e alta dos traballadores, sexan por conta propia ou allea, que estean afectados polo COVID-19, tanto sexa a continxencia enfermidade común como accidente de traballo. No caso de accidente de traballo emitirase a baixa despois que a empresa o certifique.

Os partes de baixa, confirmación e alta poderán ser emitidos sen a presenza física da persoa traballadora deixando, en todo caso, reflectidos no IANUS, os rexistros do motivo da baixa e a evolución clínica, se procede.

Cando se teña coñecemento do período de illamento/contaxio ou enfermidade con posterioridade ao inicio do mesmo, emitiranse os partes con carácter retroactivo.

ESTE PROCEDemento DE ACTUACIÓN ESTÁ SUXEITO A UNHA CONTINUA ACTUALIZACIÓN

15/04/2020

² Rd lei 13/2020, de 7 de abril.

